

**XXVII Feira do
Requeixo e Mel en As
Neves**

Páxina II

**O Club escola Teabikes
propón un centro BTT
na Picaraña**

Páxina X

**A Xunta reforza a Ruta
da Lamprea**

Páxina XII

**Entrevista a Belén
Villar, candidata á
presidencia do PP de
Ponteareas**

Páxina XVI

**Interrunning no
Porriño**

Páxina XVIII

A folga feminista do 8M



Páxinas IV e V



**GASOLEOS
TEA**S.L.

**Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN**

SERVICIO A DOMICILIO

**PONTEAREAS** | **986 66 13 90
986 66 13 89**

A GUARDA | **986 61 43 61**

**REPSOL**

CONDADO / PARADANTA

A XXVII Feira do Requeixo e Mel presentouse en Madrid

A Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia acolleu o 13 de marzo a presentación da XXVII edición da "Feira do Requeixo e mel" declarada Festa de Interese Turístico de Galicia que se celebrará en As Neves o día 30 deste mes, venres de Semana Santa, unha cita ineludible da gastronomía galega que enriquece o seu amplo patrimonio natural, cultural e gastronómico.

No acto, o que asistiron preto de cen persoas en diferentes momentos, estiveron o coordinador de Actividades da Casa de Galicia, Ramón Jiménez, o alcalde de As Neves, Xosé Manuel Rodríguez Méndez, o chef Fran Sotelino e o presidente da Cooperativa do Requeixo As Neves, Alejandro Martínez. Houbo unha degustación acompañada polos viños das adegas Señorío de Rubiós, Abadía de Tortoreos e Viña Nora.

O chef Fran Sotelino foi o primeiro en falar e explicou, con gran implicación, que "o Requeixo de As Neves por si só xa ten moita forza e personalidade", e aínda que como cociñeiro séntese un elo máis na cadea final cara ao cliente, para él trátase "dun produto Gourmet, moi versátil", no tipo de cociña que elabora, xa que se integra moi ben "tanto en pratos salgados como doces; con produtos de mar ou coas nosas carnes galegas". Indicou ademais que sería desexable que puidésemos

deixar de enfocar o Requeixo só como prostre xa que ten moitas máis opcións, e "cada un pode experimentar con él segundo os seus gustos". Na presentación o chef elaborou seis pratos degustación "todos con Requeixo evidentemente". Dous entrantes: "Trufa salgada de requeixo con coulis de mango con crujiente de nachos", un prato aparentemente sinxelo pero que ten a súa historia, porque combina o doce do mango coa acidez que achega o Requeixo por unha banda, e o crujiente de po de nachos coa cremosidade do Requeixo por outro, un prato con moito xogo en texturas e sabores", explicou. Tamén "Mariñeiras con Requeixo de As Neves con chourizo e chicharrons de Galicia", elaborado con diferentes produtos aínda que o protagonista é o Requeixo, pero a combinación do chourizo e os roxóns de "Raposo" e das xa famosísimas galletas Mariñeiras, fan "un bocado moi sutil e común da nosa gastronomía galega". A estes seguiron dous pratos máis novos tanto en texturas como pola combinación de sabores: "Mexillóns de Galicia con Requeixo de As Neves, emulsión de Escabeches, Tartar de Algas e Herbas do litoral", combinación de produto fresco con matices acedos dos escabeches que axudan a desgrasar en boca a mestura do mexillón e o Requeixo. Un prato moi



arriscado pero moi bo para padeis que optan por algo novo. Despois dos dous entrantes e o prato de mar chegou o de carne: "Tatak de Tenreira Galega con Requeixo de As Neves, Encurtidos e Rúcula", con tomatitos cherrys e aderezado cunha vinagreta de encurtidos. As sobremesas, só co nome non precisan comentarios: o tradicional "Requeixo con mel e noces" e a "Crema de Requeixo de As Neves con Chocolate Branco e Vainilla", que conseguiron un éxito rotundo en numerosas feiras gourmet e que na Casa de Galicia non foron menos. Tamén subliñou que a Crema de Requeixo foi creada hai dous anos e a súa comercialización ao público está apunto de saír: "ten infinidade de aplicacións por exemplo: encher cañitas ou bombons coma se dunha ganache tratácese, para acompañar un coulant ou utilizala como base para un tiramisú con licor café...infinitas...".

Para o representante do cooperativa Condado Pradanta, Alejandro Martínez, "o Requeixo é un produto recuperado da tradición". Producen unhas 17 to-

neladas e é moi saboroso, pero dado que non leva sal nin ningún tipo de conservantes é moi perecedoiro. Expórtase a toda Galicia, Madrid e Oporto pero o mellor é saborealo en As Neves. Adóitase asociar ao mel desde tempos inmemoriais pois era alimento moi nutritivo para os peregrinos que se dirixían a Santiago. Mantense a receita recuperada con mel da zona, da que se producen unhas 10 toneladas. Preto de dez mil persoas acoden cada ano As Neves á Feira, duplicando a poboación da vila, o que supón un impulso para a economía local.

En Turismo Rías Baixas

A sede de Turismo Rías Baixas foi escenario o día 9 de marzo da presentación da Feira do Requeixo e ou Mel das Neves. "A Feira do Requeixo e Mel soubo consolidarse e innovar ata ser imprescindible no calendario de festas gastronómicas de Galicia", resaltou o deputado de Turismo, Santos Héctor Rodríguez. Xosé Manuel Rodríguez, alcalde das Neves, destacou pola súa banda que o requeixo con mel é unha elaboración "tradicional que ten posibili-

dades ilimitadas na cociña contemporánea". O rexedor aludiu aos graves danos provocados polos incendios de outubro, pero enxalzou as belas paisaxes das Neves e lembrou que hai un proxecto de rexeneración en marcha. "A Feira do Requeixo e ou Mel contribuirá tamén á promoción da vila".

A sobremesa elaborábase no pasado de forma artesanal nas casas das veciñas e veciños das parroquias montañosas das Neves, onde había extensos pasteiros que servían como alimento para o gando. O leite cru de vaca e de cabra colocábase nunha pota próxima á lareira. Ao amornarse se espolvoreaba callo natural, e remováase o leite para despois deixala repousar un día. Unha vez callada introducíase en sacos de liño para quitarlle o soro, e a continuación baleirábase o saco e se amasaba para darlle un aspecto homoxéneo e cremoso. Tras cortalo en anacos envolvíase en follas de verdura. O mel, pola súa banda, é abundante nas comarcas do Condado e A Paradanta, onde hai unha gran variedade de plantas melíferas.



Tel: 986 648 040 • AS NEVES (Pontevedra)



Restaurante Casa Calvino

Gastronomía tradicional
Lamprea a la bordalesa (en su salsa)
Lamprea ahumada (rellena y adobada)
Angulas - Cabrito lechal
Diversidad de vinos de calidad

Marquesa del Pazo, 34
Telf: 986 648 040

36440 AS NEVES
info@casacalvino.es



Cooperativa Condado Paradanta

36440 As Neves - Pontevedra
Telf: 986 664 602 / 629 813 675

comercial@requesonymiel.com
www.requesonymiel.com

Condado Paradanta

XXVII FEIRA DO REQUEIXO E MEL

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

30
Marzo

Venres de
Semana Santa

2018



das Neves



Canceleiro
As Neves

Colaboran:



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

ponteagui | lingua

galicia



riasbaixas

//ABANCA

MISCELANEA

Un 8M para a historia

Por Montserrat Rodríguez Álvarez

A convocatoria oficial partiu de centos de organizacións de mulleres, estatais, autonómicas e locais que conforman o Movemento Feminista en España. Artelladas en torno á Comisión 8 de Marzo, un espazo de diálogo onde mediante asambleas mensuais foran pulindo as contribucións desta pluralidade de entidades, ata construír un argumentario consensuado para

chamar á mobilización.

O 8 de marzo sempre é unha data importante para as mulleres do mundo. Este ano foi histórica, haberá un antes e un despois do 8 de marzo de 2018. As mulleres sumáronse ao Paro Internacional dos feminismos de todo o mundo para reclamar un mundo diferente, para que o dereito a vivir unha vida digna se colocase no centro da axenda política, económica e social.



Manifestación feminista do 8M na rúa Alcalá de Madrid (Juanlu Sánchez)



Manifestación en Vigo. Fotos de Ricardo de Vigo (Superior dereita e dúas sobre estas líneas)

E cal é o significado dunha vida digna para as mulleres?

Pois a soberanía sobre os seus corpos e entidades, sobre os seus desexos e a vida que escollan vivir, significa a construción dunha sociedade xusta na que os coidados sexan tarefa de todos e a vida o centro da axenda política, significa garantir a igualdade de oportunidades e de dereitos nas condicións de traballo e na esfera social e significa o dereito a unha vida sen violencias, sen maltratos e asasinatos.

Foi unha folga pola loita da igualdade sen discriminacións, sen tutelas para decidir sobre os seus corpos, sen mercantilismo e/ou explotación, polos dereitos e en contra das violencias machistas. Porque as mulleres seguen a ser obxecto de agresións sexuais, na rúa, no traballo, nas discotecas, etc., sen que se adopten medidas urxentes que garantan a súa integridade.

Desta forma, a folga foron catro en unha, xa que se pretendía visibilizar o traballo remunerado e non remunerado das mulleres en todas as esferas da vida. Foi unha folga laboral, estudantil, asociativa, de cuidados ou tarefas domésticas e de consumo, que se repetirá cada ano ata que o mundo sexa tamén das mulleres.

En primeiro lugar, unha folga laboral para acabar coa desigualdade que significa ter salarios máis baixos só polo feito de ser muller, cunha fenda salarial enorme e para conseguir permisos de maternidade e paternidade iguais e intransferibles, que permitan unha sociedade máis igualitaria e xusta.

No tocante á folga de coidados: cren na corresponsabilidade do estado e dos homes, porque os servizos públicos deben ter empregos de calidade para coidar e atender ás persoas, porque as políticas deben ser para rescatar a vida e non os bancos, porque pretenden dereitos la-



borais para todas as empregadas do coidado e do fogar e residencia para as que son inmigrantes, por un traballo de coidados recoñecido e en condicións dignas.

Por este motivo, a folga do 8M instou ás mulleres a penduraren un mandil do balcón e así visibilizar os traballos invisibles que elas fan e que sustentan a vida de todos, que provoca que asuman unha dupla ou tripla xornada de traballo e tarefas e funcións sociais de coidados que o poder e o goberno aforran. De aí que un dos lemas máis escoitados nas manifestacións e concentracións fose: “porque sen as mulleres nin se reproduce nin se produce, porque sen as mulleres párase o mundo”.

No tocante á folga de consumo, porque cren que é posible un consumo alternativo e sostible, porque queren un comercio de proximidade respectuoso co entorno socioeconómico e ambiental. No que atinxe á folga estudantil e asociativa reivindicábase unha educación pública, laica e feminista, que

transversalice a perspectiva de xénero en todas as asignaturas, baseada na coeducación e na corresponsabilidade.

Sen dúbida, o movemento feminista foi quen de convocar a todas as mulleres, independentemente de partidos políticos, e demostrou o seu grande poder organizativo e de planificación. Mesmo a pesar dos grandes atrancos que encontrou polo camiño ou de que, desde algúns partidos políticos, non se lles dese ningún creto ou tentasen desprestixiar a folga durante semanas.

Ben é sabido que tanto o PP como Ciudadanos, desde o principio, desprezaron esta convocatoria e que despois, cando viron a real e astronómica magnitude que estaba a atinxir, a última hora, rectificaron, chegando mesmo a desdicirse ou a mentir sobre o que inicialmente dixeran. Véxase o presidente do goberno, Mariano Rajoy que comezou dicindo: “no nos metamos en eso” e acabou por non sentirse representado coas declaracións da presidenta da Comunidade de Madrid, Cristina Ci-

...ven da páxina anterior

fuentes, ou da ministra de Agricultura, Isabel García Tejerina, que anunciaron que farían folga á xaponesa. Comezaron dicindo que a folga era elitista, insolidaria e irresponsable, nada máis lonxe.

Pola súa banda, Ciudadanos sostíña non apoiar a folga feminista por non seren antipitalistas e porque a pesar de seren feministas non se consideran comunistas. Pois ben, despois de semanas de escusas de Ciudadanos para non apoiar a folga do 8-M, Albert Rivera declarou "estar encantado de liderar" o debate transversal feminista. Unhas declaracións que levantaron bastante indignación; as mulleres non precisan da tutela de ningún home e menos dun que ata hai dous días, non as apoiaba. Faltaría máis!.

Os do PSOE, que se autodenominan progresistas, animaban apenas a un paro de dúas horas, os propostos polos sindicatos UGT e CCOO. Nen arre nen xou!

Por outra banda, Podemos e Izquierda Unida sumáronse á petición de sindicatos minoritarios e avogaron pola folga xeral. As deputadas de Podemos foron á folga "pola fin da discriminación social, legal, política, moral e verbal contra as mulleres".

Todos os partidos políticos españois están de acordo en que hai que acabar coas desigualdades de xénero, terminar coa lacra da violencia machista e avanzar cara la conciliación laboral e familiar. Porén, a urxencia para adoptar medidas, respecto a todas as reivindicacións



cións presentadas na folga deste 8 de marzo, non é a mesma!.

Así mesmo, acontecía no programa El Objetivo presentado por Ana Pastor na Sexta: a posición adoptada tanto pola ministra de Igualdade, Dolors Montserrat coma pola portavoz de Ciudadanos catalán, Inés Arrimadas, foi a mesma. Nos tempos que corren resulta inadmisíbel que mulleres con cargos políticos non se sumaran á folga. Á ministra non debería permitírselle que dixese que non lle gusta o feminismo porque que non lle gustan as etiquetas. Disque traballan polo feminismo 365 días e non só o 8 de marzo, e que ese día estarían a traballar apoiando iniciativas e asistindo a actos públicos. Resultan ridículas. Naquela mesa redonda de mulleres políticas foron as únicas que defenderon que non era necesario sumarse á folga e no debate no que se falou da fenda salarial, da violencia de xénero,

do teito de cristal, da maternidade, etc., saíron moi mal paradas.

Esta folga foi extraordinaria xa que conseguiu reunir a varias xeracións; a avoa, a nai e a filla xuntas por un mesmo ideal. Porque levamos décadas de protestas e de reivindicacións, encontramos nas rúas ás que levan toda a vida loitando polos nosos dereitos, ás recén chegadas que se concienciaran, se cabe aínda máis, por causa da abominable crise económica e política de retroceso de liberdades que estamos a sufrir, e aínda as rapazas novas e universitarias comprometidas. Vese que o feminismo non está pasado de moda, todo o contrario; demostrouse a súa actualidade grazas ao apoio de millóns de mulleres que saltaron ás prazas e ás rúas a reclamar os seus dereitos.

Non se podía parar só dúas horas, nin facer folga á xaponesa...era necesaria unha folga

total e absoluta. O movemento feminista acertou cunha folga de 24 horas que serviu para encher toda España de dignidade feminista e demostrar que se as mulleres paran, o mundo tamén se para. Mesmo ás que non puideron parar, déuselles a oportunidade de reflectiren sobre os motivos polos que non podían, déronse conta de que aínda existe un sistema inxusto, político, económico e social que non as permite sequer pararen un día, non así aos homes!! O machismo non distingue ideoloxías ou partidos e por iso, esta folga era para TODAS, sen excepción.

E tan ben organizadas estaban as mulleres, que conseguiron implicar a aqueles homes máis concienciados a non secundaren a folga. Apoiáronas a facer os traballos e tarefas que debían ser feitos por elas: quedaron ao coidado dos fillos e organizaron o día para facilitaren que as mulleres puidesen marchar

polas rúas. Moitas grazas, rapaces, sabedes que por cada muller que dea un paso cara a igualdade, a Humanidade avanza cara a liberdade.

Nesta liña reflexionaba Iñaki Gabilondo nun vídeo que se fixo viral nas redes. Desde o punto de vista dun home pregunta a razón pola que, no 99% dos casos, son os homes os que exercen a violencia. Conclúe "que problema ou telaraña mental segue a existir na nosa mente?, por que os homes nunca nos sentimos interpelados, aludidos como xénero?" referíndose ás cuestións que levan ás mulleres a se manifestaren o Día da Muller. Apela á revisión das leis e dos hábitos para avanzarmos, porén, "se os homes non aceptamos que temos que revisar que quedan asignaturas pendentes nas nosas mentes, avanzaremos como tartarugas". Claro está que haberá reaccións negativas por parte daqueles homes que non queren saír do seu confort, da comodidade de que todo lles sexa feito, teñen medo a perder os seus privilexios ou a ficar sós. Xa hai quen fala en convocar unha folga no "Día do Home", veremos cales son as súas reivindicacións...

O 8M foi unha xornada de paros, concentracións, marchas e actividades reivindicativas na que saíron 6 millóns de mulleres á rúas, foi unha mobilización histórica que atinxiu todos os estratos da sociedade: Médicas, avogadas, xornalistas, amas de casa, enfermeiras, paradas, xubiladas, perruqueiras, psicólogas, profesoras, políticas, estudantes, etc.. No só no ámbito local, o domingo día 4 e o xoves día 8 en Vigo e Ponteareas, senón en todas as cidades de España.

O máis importante, sen dúbida, será o que pase a partir do 9 de marzo, cando haxa que pasar das promesas aos feitos, a tomar medidas reais e propor leis que favorezan, realmente, a igualdade dos seres humanos. As mulleres necesitan gobernos feministas que favorezan á Muller, que estean á altura das esixencias das mulleres do século XXI.



Concentración na Praza Bugallal e manifestación feminista o pasado 8 de marzo en Ponteareas

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

■ Xoán Antón Pérez-Lema

Menos Estado de Dereito

Semella que o núcleo duro do establishment español (que integra, dende logo, aos maxistrados dos Tribunais Supremo e Constitucional e ás directivas dos partidos do tripartito do 155) acredita que para defender a unidade de España cómpre limitar, reducir ou mesmo desmontar o Estado de Dereito.

A decisión do maxistrado Larena de negándolle a Jordi Sánchez a autorización para concorrer ao pleno da súa investidura como candidato a presidir a Generalitat vulnera o dereito constitucional de sufraxio e atenta contra o principio de autogoberno parlamentario. Pois Jordi

Sánchez foi aceptado como candidato, elixido pola cidadanía catalá como deputado e proposto polo president do Parlament como candidato á presidencia. Desta volta, para máis, trátase dun candidato que non está inhabilitado e que está ao dispór do Tribunal. Que razóns hai para rexeitar esta proposta? Seica evitar unha suposta reiteración delictiva no comportamento de Jordi Sánchez. E saben cal é este suposto risco, segundo Larena? Sair elixido deputado pola candidatura de Junts per Catalunya.

Este novo golpe ao Estado de Dereito únese ao golpe do 155, que dissolveu un

Parlamento e cesou un Goberno cando a Constitución só permitía concretas medidas de intervención. Á insólita falla de decisión até de agora polo Constitucional a respecto da admisión a trámite do recurso interposto polo Goberno do Estado (contra a ditame unánime do Consello de Estado) contra o pleno da investidura de Puigdemont, anterior candidato. Á invención dun delicto de rebelión sen violencia, contra a definición do tipo penal de rebelión do Código Penal. Á imposición dunha medida cautelar de prisión absolutamente desproporcionada e arbitraria. A moitas outras condutas incribeis hai só oito meses, que derrogaron na práctica a garantía do autogoberno das nacionalidades e as garantías dos dereitos

individuais.

Desmontar o Estado de Dereito non é doadamente reversíbel. Deteriora e deteriorará a convivencia social, a democracia e as liberdades, reforzando o autoritarismo da España uninacional do "a por ellos".

A arrincadeira: ecos do 8-M.

As mobilizacións do 8-M marcarán un antes e un despois. As mulleres dixeron que abonda xa de discriminacións, fenda salarial e violencia machista e que cumpren medidas estruturais urxentes e novas políticas públicas.



Audiovisual, lingua, muller e país

O audiovisual galego é, certamente, unha industria. Mais unha industria cultural. É dicir, xurde dunha identidade propia, a de sermos galegos. Como dixo a xornalista da TVG Nieves Rodríguez (Mestre Mateo á mellor comunicadora de TV 2018) "se existe un audiovisual galego é grazas ao galego".

A lingua galega foi máis protagonista na edición do 2018 dos premios Mestre Mateo do audiovisual galego. O thriller Dhogs, ópera prima do xove director Andrés Goteira, bateu o record das dezaseis edicións desta gala ao quitar

trece dos agasallos. Dhogs é a primeira fita en galego seleccionada no medio século de vida do Festival de Cinema Fantástico de Sitges. Mágoa que unha das súas coprodutoras denunciase que "é máis difícil atopar un distribuidor en Galicia para unha longametraxe en galego ca fóra do noso país". Mais o produto final amosa que hai unha nova xeración de altísima formación técnica, que asume a lingua propia e facer cinema de xénero con absoluta naturalidade. Hai presente e hai futuro no audiovisual galego.

Esta edición estivo sinalada polas

continuas apelacións á liberdade de expresión e á igualdade de xénero, nunha gala na que a dirección, presentación e todas as actuacións e entregas de premios foron desenvolvidas por mulleres. Carlos Ares, presidente da Academia Galega do Audiovisual, defendeu o diálogo como canle de solución dos problemas políticos (en alusión implícita á cuestión catalá) e condenou a censura de obras de arte, o peche de radios comunitarias (en alusión implícita á coruñesa Cuac FM, pechada polo rigorismo da Xunta), a censura de pregóns de entroido e a condena penal de raperos. "As sociedades xustas, libres, honran poetas e bufóns", dixo Ares.

A gala acadou un alto nivel reivindicativo, mais sen perder o seu sotaque entretido e lixeiro. Moitos deitaron mensaxes para os políticos e a sociedade: máis mulleres no audiovisual, máis fitas en galego, máis traballo no noso audiovisual, máis investimentos en cultura e artes... Mais tampouco faltaron as mensaxes cara adentro, como a da xornalista da TVG Marga Pazos a respecto das persoas que traballan nos nosos medios públicos, cando lembrou que "traballamos para os gobernados e gobernadas, non para os gobernantes".

O audiovisual é estratéxico para a nosa cultura e economía. Mágoa que os que gobernan non queiran velo.

■ Nicolás Xamardo . Profesor Honorífico da UPV/EHU

O papel de Esquerra Republicana de Catalunya (ERC)

A estas alturas do procés, podemos afirmar que Catalunya é a escola da política neste momento. E iso permítenos pensar as súas leis, así como o papel do Estado.

A/ Cando o novo xorde (movemento independentista), aparece o suxeito fiel (movemento popular, liderado por Puigdemont) e o suxeito reactivo (Cidadáns-Tabarnia). Vexamos a historia: como entender o Nacismo sen a Revolución de Outubro? Como comprender a contrarrevolución en Francia (Thermidor, con Danton), sen no movemento revolucionario (Robespierre e Saint Just)?

B/ Históricamente, en todo proceso de natureza independentista, revolucionario, transformador, etc., dentro do campo do pobo, sempre aparece a figura do traidor, porque existe o consecuente

(ata no mesmo catolicismo, Xudas, fronte a Cristo). En Euskal Herria, este papel representouno, por méritos propios, Euskadiko Ezkerra. Recordemos, tamén, que si a traizón non puido consumarse na súa totalidade, foi debido á firmeza e coherencia do MLNV (Movimento de Liberación Nacional e Social Vasco). Quen non ve reflectido o proceder de ERC nesta segunda lei?

En todo este proceso, hai unha figura que xoga un papel central na materialización destas leis. A estratexia do Estado, ante as reivindicacións independentistas, adopta sempre a forma dun dilema (actuación dirixida a intentar bloquear calquera saída que non estea na súa lóxica). Engañosamente, trata de facer ver que a solución está nas túas mans. Vexamos a forma que adopta en Catalunya: Si renuncias

á independencia, poderemos falar? Ante este dilema, a saída de ERC é ceder. Con todo, outros (movementos populares e Puigdemont) non entran nese xogo. Reclaman, simplemente, soberanía para Catalunya.

Recordemos a universal traxedia de Esquilo, Prometeo Encadeado (fai 2.500 anos). Este, como Puigdemont, na peor das circunstancias, escápase do dilema que lle propón Zeus, o rei dos deuses: Rebélame o segredo e libérote. Primeiro, libérasme e logo direiche o segredo, respóndelle Prometeo.

Antes de que se manifeste abertamente a traizón de ERC, como nestes momentos, xa había unha serie de síntomas que a anticipaban. Recordemos que xa inmediatamente logo de 1-Ou., falan de negociar co Estado o encaixe de Catalunya en España. Intúen que, tralas eleccións do 21-D, chegarían a ser a primeira forza independentista. Por iso, chegado o momento, negáronse a formar parte da fronte popular. A súa derrota desubicou ao Estado que reac-

ciona primeiro co pau (cárcere). Esta política dá os seus froitos: ERC, prioriza a liberación dos presos á liberación de Catalunya.

Posteriormente, a traizón de ERC trata de ocultarse tras unha figura imposible: Queremos unha República que non meta a ninguén no cárcere. Así mesmo, falan de garantir a desaparición do 155. Como? Formando un Govern na lóxica do 155.

En fin, o último apoio á estratexia de ERC de formar Govern a calquera prezo, dállo o Estado coa ameaza de acabar co sistema educativo catalán, nun intento de que amplos sectores populares presionen a Puigdemont (e ao movemento que lle apoia) a que cedan: que deixen formar o Govern do 155, único garante de que iso non suceda.

Ante este dilema: Resistentes, adiante!



Carlos Méixome

E a heroína?

Hoxe sóubose que un ínclito exalcalde “popular” grovense de cuxo nome non merece a pena lembrarse saíu do seu agocho na periferia da corte madrileña para demandar, en sede xudicial, o secuestro cautelar do relato xornalístico de Nacho Carretero, Fariña, publicado en setembro de 2015. En xaneiro de 2018 o home decatouse de que estaban a vulnerar o seu dereito ao honor. Así o acordou a xuíza sinalándolle ao demandante a cantidade cautelar de 10.000 euros. Mentres non se faga o depósito o libro seguirá vendendo.

A tardanza no reclamo do amparo da xustiza parece estar máis en relación coa próxima estrea dunha serie de televisión que terá como base a narración xornalística de Carretero para a que o egrexio edil demandou a paralización. A xuíza non considerou este extremo xa que nin se coñece a data de emisión nin o guión da mesma polo que lle semellaba desproporcionado.

A editorial viña de reeditar o libro (10.000 exemplares) para aproveitar o lanzamento da serie televisiva. Teño entendido que en breve publicarse a versión galega da investigación de Carretero.

No libro hai dúas referencias ao meco.

A primeira, unha nota ao pé, na que se di que un coche no que se transportaron 300 quilos de droga, “tal y como descubriría la investigación años después, estaba a nombre de Alfredo Bea Gondar: alcalde de O Grove, afiliado al PP (otro más) y procesado en 2001 por un alijo de dos toneladas de cocaína”. A segunda, referida a este procesamiento por intermediación entre narcos.

A poeira erguida pola demanda e a estrea da serie volverán retrotraernos ás épocas do fume e da fariña. A lembrarnos que na Arousa mercábanche os décimos premiados da lotería polo duplo ou triplo do premio; do que gañabas deixando a chave do galpón ou da casa de verán; de Marcial o da motora, o seica fillo de Terito; de coches, motos e forabordas con varios motores; de restaurantes e luxos; de alfombras persas que a dona da casa non deixaba pisar; de comedores pechados con chave porque só eran para ensinar; pero tamén dunha mocidade desfeita, entregada, derrotada, de zombis adolescentes, de morcegos adocidos polas primeiras raiolas de

luz; de desaliño, desleixo, vómitos e sucidade.

Volveremos remontarnos á Sicilia, ás mafias, aos clans enxebres, a nomes coñecidos, ás necesidades de reprodución das elites franquistas; ao éxito mundial da caste albariña esterceda con billetes fumegantes ou enfariñados. Mais eu terei que seguir preguntándome, tamén despois de ler o libro, de onde saía a máis perversa de todas, aquela que se



comezaron a espetar unha parte da mocidade inconformista da Compostela dos últimos anos setenta, aquela que se difundiu polos barrios proletarios de Vigo nos oitenta, a que laminou vidas, estragou familias, limitou ilusións, castrou conciencias.

Segue sen aclarase de onde procedía a heroína que matou os fillos de Carmen Avendaño. Sabemos ben de como chegaba o Winston, sabemos dos ires e vires de Oubiña co seus fardos de haxixe o diñeiro escondido na “vigha” segundo

a defunta vampiresa Esther Lago, coñecemos as aventuras colombianas de Sito Miñanco

e os seus rallys entre bateas; mais as referencias á heroína son moi escasas nas case catrocentas páxinas do libro: unha á “charlina” e outra aos búlgaros. É todo? Alguén a introduciu?, alguén a distribuíu?, non era unha rareza. Seguimos a descoñecer a súa parte máis sinistra e horribel. Aquela que levou a Nico, un mozo que tratei e do que un día recuperei a súa memoria ao velo na capa dun Futuro imperfecto, o brutal relato escrito polo seu amor, Xulia Alonso; aquela que arrasou vilas como Monforte; aquela da que segue habendo unha parte escura.

Descubríme, pola contra, o libro dous aspectos que, en parte, ignoraba. Por unha banda, o asunto do tráfico da cocaína segue máis ou menos igual, só que agora os narcos son máis discretos. Pola outra, a cantidade de mortos xerados polas disputas interclánicas que, afastados dos números das grandes estruturas mafiosas, si que asustan un pouco cando ves a pinga-pinga que Carretero vai anotando.

Imos ter un déjà vu siciliano.

Martes, 20 de febreiro de 2018



Por Ramón Coira Luaces

Reflexión masculina sobre o sexo



Rosalía de Castro di que os homes solicitamos certos favores sexuais ás mulleres para logo degradalas considerándoas indignas ou impuras. Non é de recibo. E nunca debín utilizar certas expresións de índole sexual porque supoñen unha falta de respecto involuntaria a outra xente. Cada quen

debe ser libre de facer ou non facer. E, desde logo, quen accede a compracer a súa parella por xenerosidade non se merece o desprezo desta. Pero igual hai que estar máis alerta e saber dicir non cando non apetece dicir si. E reclamar reciprocidade. Non me atrevo a defender a erradicación total da pornografía, pero coido que non é unha boa educación sexual. A recente morte prematura de cinco actrices porno en EEUU pon de

manifeso a frustración e as consecuencias negativas que conleva esta sexualidade virtual e moitas veces depredadora, feita maioritariamente para o público masculino e que adoita estar desprovista de afectividade.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermorodriguez@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturionio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldéz, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.
Humor: Maitirena, Tokio, Sabin Anca, Fuco, Pepe Carreiro.

Depósito legal: en trámite

OPINIÓN

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Lingua de lei

O próximo 15 de xuño cumpríranse trinta e cinco anos da entrada en vigor da Lei de Normalización Lingüística de Galicia; unha norma fundamental para o fomento e normalización da lingua galega en todos os ámbitos, abranxendo ás institucións públicas e as decisións na esfera persoal.

O artigo 7 preceptúa que no ámbito territorial de Galicia, os cidadáns poderán utilizar calquera das dúas linguas oficiais nas relacións coa Administración de Xustiza. “En todo caso, a parte ou interesado terá dereito a que se lle entere ou notifique na lingua oficial que elixa”. Dereito que poucos exercitan. O artigo 8 establece que os documentos públicos outorgados en Galicia poderanse redactar en galego ou castelán. Quedan regulados, pois, os dereitos lingüísticos dos usuarios desas oficinas públicas.

Sen embargo, é só unha pequena porcentaxe de operadores xurídicos e

ciudadáns a que demanda das instancias oficiais tal dereito naqueles asuntos nos que son parte interesada. E para demostrármolo poñamos dous exemplos. Sendo como é Galicia un país de pequenos propietarios o número de protocolos notariais (declaración de herdeiros, testamentos...) en lingua galega é insignificante. O mesmo podemos afirmar, tamén, dos asuntos que se tramitan na xurisdición laboral. Os avogados, que poderían galeguizar os máis de 150.000 resolucións xudiciais invocando dereito para que se lles ditasen sentenzas en lingua galega, non o fan. Como tampouco as asesorías xurídicas dos concellos galegos nas relacións cos órganos xurisdiccionais do contencioso-administrativo. A Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia que debería ser a primeira en dar o exemplo, non fai. A galeguización da Xustiza conseguírase na medida en que os usuarios a demanden nos asuntos que lles incumben.

Durante estes últimos anos a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia e a Irmandade Xurídica Galega, promoveron distintas iniciativas e campañas para convocar aos profesionais do dereito e cidadanía a exercer unha galeguización activa con éxito desigual. Aínda así, no que fai á galeguización no ámbito xudicial tense andado un camiño longo malia as dificultades derivadas dun sistema informático que lles impide aos funcionarios xudiciais desenvolver as súas actividades profesionais en lingua galega e atender as demandas da cidadanía do exercicio dos seus dereitos.

É de salientar, malia as anteditas dificultades, o esforzado activismo de moitísimos xuíces— cada vez máis— ditando sentenzas e resolucións xudiciais en galego contando coa colaboración de varios centos de avogados e procuradores e non poucos fiscais. Como recoñecemento a todos eles, a Irmandade Xurídica Galega iniciou hai a campaña LINGUA DE LEI para deixar constancia desas boas prácticas que se veñen re-

alizando en moitos xulgados desde hai anos. O primeiro acto celebrado foi no xulgado de A Fonsagrada, seguido do de Cangas; os próximos terán lugar nos de Cambados, A Estrada, Caldas de Reis, Lalín, Marín, Carballo, Ribeira, Corcubión, Arzúa... aos que están convocados os operadores xurídicos e funcionariado deses partidos xudiciais.

Para que quede constancia pública destas louvables actuacións descubriñanse placas conmemorativas nos edificios xudiciais deixando constancia dos nomes dos xuíces e xuízas que ditaron as primeiras sentenzas en lingua galega. A Irmandade Xurídica Galega, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia, pretende, deste xeito, animar o proceso regaleguizador dos usos xurídicos do noso idioma.



Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero

Unha nova encrucillada?

Ninguén parece entender o problema demográfico de Galiza. Mágoa para nós, os que o sufrimos desde o rural, onde se ve moi ben, e que vemos todos os días como se pecha unha casa máis, como imos quedando menos, nas festas, nos enterros, nas celebracións e encontros de todo tipo. Por cada bautizo hai que contabilizar varios mortos e a conta non dá para encher baleiros. O problema é serio e precisa urxente solución, porque chegados aquí, nesta casuística vital, esmorecemos. Esmorecemos porque previamente estragaron o país. Vendéronlle o futuro e, agora nós, xogámonos a supervivencia mentres os políticos xogan a premer, limitar, complicar a existencia e, o peor, a gobernar contra nós inventando novas formas de limitación. É doado inventar novos impostos, constrinxir liberdades, matar e acabar co futuro pedindo créditos a fondo perdido, é doado constrinxir o uso da Nosa Lingua, o desenvolvemento do noso potencial. Nesos créditos e descréditos, dos que se valen para colocar amigos e procurar unha porcentaxe de beneficio,

o rural queda esquecido. Son moitos e moi ricos os ricos, pero ollo: son moitos e moi pobres os pobres. Aumentaron moito os pobres e os máis pobres. Hai unha enormidade de distancia entre uns e outros. E por riba, a demografía cae en picado. Somos unha Patria das máis envellecidas de Europa, o vello continente. Que por certo, avellenta porque non soubo descubrirse a si mesmo e desta maneira non só é vello senón decadente e falto de solucións. Por riba, a nós habitánnos gobernos faltos de luces e de ganas de facer un bo traballo de recuperación económica efectiva, social e de estima afectiva, ilusionante. Quizais tampouco lles interese o tema e alá no lonxe, estas expectativas funestas sexan os seus anceios. Creo que non entenden que están presionando moito, que non deixan vivir, que hai moitos rostros tristes e pensativos, que a xente nova non ve posibilidades de vida aquí, de viabilidade na descendencia e que por iso non se atreven a ter fillos. Os gobernantes, como moito, só colocan parches que non curan nin alivian. Non saben reverter a estalaxada que armaron. Por-

que isto vén de lonxe, non souberon fixar poboación, non se souberon crear infraestruturas de pervivencia, non se soubo valorar esa xente traballadora da terra e coidadora do medio natural, tampouco se soubo trazar liñas de conservación e de paisaxe, non se soubo manter unha equidade mínima de servizos nin de estruturación do campo, do leite, das explotacións primarias e secundarias, de redistribución de recursos, de confianza e de certa atención, mesmo xestión afortunada en exemplos que aínda non se deron. A Patria sémella un enorme xeriátrico e está sen ventilación. Pobres de nós. O aire está viciado de culpables de omisión, daqueles que gobernaron medos e números, nunca persoas. Só se lles ve cando precisan do voto. E volven enganar con promesas, que sabemos nunca cumpríran. A xente do común é boa, e vólvelles crer anque estean acabando con todo, anque lles quiten as pensións e os cozan a impostos. Non o fan por malicia, simplemente ignoran pensando que pode habelos peores. E isto está sen probar anque non anima moito vendo a oposición, certamente. Noutros casos deixáronse levar polos que fan que fan, e non fan; os que miran para

outro lado. Deixaran morrer a fala, a cultura, a tradición, os medios produtivos, a ilustración,

a inclusión demográfica como garantía de vida e porvir. Pobres de nós que nin a xustiza nos mira! E nesta triste política de afundimento, que ten como fondo o poder e a desmesura, aparecen alternativas privadas que garanten todo canto non temos público. Xa hai centros privados de educación que collen aos nenos aínda bebés para habitualos á fonética anglosaxoa, non vaia ser! E pónenlles películas que chegan a entender naquel idioma, e esgotan as prazas antes de abrir a matrícula, e dan nos comedores dietas de dietista, e aprenden a nadar, e constrúen o mundo con técnicas pioneiras que fascinan entre métodos didácticos que os farán felices comendo perdices, cousa que no ensino público nunca se puido facer en defensa do noso idioma, nin garantindo a dignidade do amor ao propio. Vén sendo o de sempre. Entón, para que os queremos se nós mesmos non nos queremos?





A Banda de Música de Xinzo pecha 2017 cun beneficio de 43.000 euros.

Os socios da Banda de Música Xuvenil de Xinzo aprobaron na Asemblea Xeral Ordinaria do pasado sábado día 10 de marzo, uns beneficios económicos que ascenden a 43.000 euros. En palabras do Presidente da Banda de Xinzo, Francisco Represas, "este balance económico aprobado é froito do intenso traballo realizado por todos os integrantes da asociación, administracións públicas e entidades privadas, que permitiron que despois de pasar un ano desde que presentamos o noso plan de saneamento económico, a nosa asociación poida gozar na actualidade dunha moi boa saúde económica".

Así mesmo, a Asemblea tamén apoiou o orzamento económico para 2018 que presentou a Xunta Directiva da asociación. Onde se destacan as seguintes partidas: 12.500€ para a compra extraordinaria de material musical, 10.000€ para realizar obras de mellora nas instalacións da Asociación situadas no Centro Cultural Xinzo, 20.000€ para os gastos da Escola de Música,

11.000€ para o pago do Director e 3.000€ para a realización de concertos temáticos no Concello de Ponteareas. Silvia F. Táboas, Tesoureira da Banda de Xinzo, destaca que "é a primeira vez, nos case 40 anos de historia da Asociación, que aprobamos un orzamento económico tal elevado caracterizado por un forte investimento. O que nos permitirá dotarnos de recursos para asegurar que sigamos crescendo con garantías de éxito".

Tamén, o próximo 30 de abril, desde a Secretaría da Asociación publicárase unha convocatoria para a elaboración de listas de contratación para a cobertura das ausencias dos profesores titulares das máis de 12 especialidades musicais que se imparten. Esta é unha iniciativa pioneira, que pretende dar transparencia aos procesos de contratación de profesorado que acomete a Banda de Música.

Por último, o día 10 de marzo a Banda de Música de Xinzo tamén celebrou unha Asemblea Xeral Extraordinaria, onde se apro-

bou a normativa de réxime interno da Asociación. Esta normativa servirá para regular as cuestións que non aparecen recollidas nos estatutos da asociación, conseguindo así un mellor funcionamento asociativo.

VI Certame Galego de Corais Vila de Arbo

O Venres día dous de marzo, reuniuse no Salón de Actos do Auditorio Municipal o Comité organizador do VI Certame Galego de Corais "Vila de Arbo", conformado por César Posada Figueiras, Director da Banda de Música de Arbo, Jose Antonio Nieto Alonso, Presidente da Coral Polifónica de Arbo e Raúl Rodríguez Álvarez, Concelleiro de Cultura.

O Comité organizador analizou o material remitido polas corais participantes e fixou a orde de actuación do día 13 de Maio de 2018 das corais preseleccionadas polo mesmo, sendo na seguinte orde: Coro Gaos, Coro Música Viva, Coral Polifónica Baiona La Real, Coral Polifónica Santa María Adina de Portonovo, Coral Polifónica de Beluso e Coral Anduriña de Coruxo.



Comunidades, Colegios, oficinas
cristalerías, moquetas, abricillado
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rúa As Lavandeiros, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052



DECELOS • HOGAR • JUBILACIÓN • AHORRO • ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA • COMERCIO • PYMES • COMUNIDADES • R. CIVIL • AUTÓNOMOS • Etc...
telf. información: 609 544 351



Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribarteme, 1
35447 AS NEVES (Pontevedra)

Teléf. 985 648 150
Fax: 985 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

MISCELANEA

O Club escola Teabikes propón un centro BTT na Picaraña

O club escola Teabikes, ven de facer as seguintes propostas o documento do proxecto do parque forestal de A Picaraña. As propostas recollidas son un resume do que xa funciona noutros concellos de Galicia.

Ponteareas coñecida como cuna do ciclismo Galego, a día de hoxe non conta con instalacións propias destinadas aos mais cativos, que empezan nas distintas modalidades de ciclismo montaña, BTT XCO, enduro, descenso, así como tam pouco para o ciclismo de escolas de carretera.

As propostas do Club Teabikes, reconvertido en escola son as seguintes.

1. Creación dun centro BTT escolas no antigo albergue municipal, dirixido a práctica e formación para nenos de 3 anos en diante, dito centro debería contar con baños e

auga para poder darlle un pequeno lavado as bicicletas. Dito punto serviría como punto de encontro e podería ser utilizado como zona de usos múltiples para acampar e zona de carabanas, das persoas que se desprazan na participación de eventos deportivos vinculados a BTT, XCO, enduro, DH.

2. Legalización das rutas de Enduro xa existentes e ampliación dalgunha ruta, así como as limitacións do seu uso por parte tanto dos clubs de ciclismo como de outros clubs de montañismo ou similar (a día de hoxe hai xente que sube por onde se fan os descensos)

3. Conservación da ruta de DH descenso (lado de Arcos)

4. Regularización de meses de uso, (non se pode coincidir con cazadores) e para dar seguridade a clubs organizadores para probas de ámbito, autonómico, nacional.

5. Legalización de zonas de entreno para escolas minibtt, dependendo da súa idade, as zonas deben ser máis longas.

6. Creación dun consello regulador de uso dos distintos clubs de Ponteareas con e sin escolas, para o correcto funcionamento onde quede claro quen e como utilizar os espazos, horarios, organizacións de probas, etc.

Todas estes puntos xa funcionan, por exemplo no parque forestal do Vixiador Vigo, Eselle Ferrol, Monte Xaxan Marín, Cotobade, Salcedo Pontevedra, Carballiño, Maceda, Betanzos, Cambados, Bembrive Vigo ou Ferrol. Nestes lugares os clubs con escolas aparte de ter unha zona reservada para os entrenamentos tamen organizan distintas probas, de ámbito autonómico, Nacional e Internacional.



Campionato escolar de bádminton

O domingo 4 de Marzo celebrouse en Ponteareas O Campionato Escolar Zonal Secundaria organizado polo Club Bádminton Ponteareas e coa colaboración do Concello de Ponteareas, do Servizo Provincial de Depor-

tes da Xunta de Galicia a Asociación Deportiva Escolar del Condado (ADECOMPAR) e Deportes Carlos Miguel de Vigo.

Cerca de 120 nen@s de secundaria, seleccionados o longo de varias xornadas deportivas entre todos os IES da comarca:

Ies Val do Tea, IES Salvaterra de Miño, Ies Barral, Ies Mondariz, Ies Pedra Da Auga, Ies Paderubias, la Inmaculada.

Os nenos clasificados pasan á seguinte rolda, o 6 de maio no Campionato Escolar Condado-Paradanta- Baixo Miño.

Bronce para Mónica Ledo no Campionato de España de Tiro con Arco en Sala

O clube Archers Team con sede en Mos conseguiu excelentes resultados no Campionato de España en Sala de Arco Tradicional e Desnudo celebrado o pasado mes de febreiro en Benalmádena (Málaga).

En categoría feminina Mónica Ledo de Archers Team

lograba o bronce no seu debut nun Campionato de España.

Desta forma a arqueira do clube mosense finalizou brillantemente un ano de campionatos adicados a sala, que comezou en 2017 co ouro do Campionato Galego.



Ponteareas celebra o Día da Árbore





A Concellería de Ensino do Concello de Ponteareas, que dirixe a nacionalista Cristina Fernández, celebra o Día da Árbore cos centros escolares de Ponteareas. En colaboración coa empresa Ecocelta prantarán preto de cen árbores autóctonas no CEIP Santiago de Oliveira, na Moscadeira, no regato da Venda e nas comunidades de montes de

Pías e Guláns.

Todos os centros educativos públicos e concertados incluíndo os IES participan nesta iniciativa na que ademais de prantar as árbores reciben unha charla sobre a importancia das árbores, a súa función no ecosistema, o seu impacto no medio ambiente e na nosa saúde e os coidados que precisan.

HUMOR

XAQUÍN MARÍN



FELIX

MARILENA NARDI



MARTIRENA



FUCO PRADO



NOVAS DA RAIÁ

A Xunta reforza a Ruta da Lamprea

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, acompañada do alcalde do concello pontevedrés de Crecente, Julio C. García-Luengo, visitou o pasado 27 de febreiro o resultado das obras de mellora e acondicionamento das pesqueiras deste municipio. Os traballos reforzan o papel da Ruta da Lamprea como un reclamo cada vez máis importante para impulsar o desenvolvemento turístico do interior de Galicia especialmente no inverno e primavera, coincidindo coa tempada de pesca deste peixe.

Os traballos levados a cabo enmárcase no obxectivo de Turismo de Galicia por facer da Comunidade un destino diversificado, capaz de ofrecer atractivos turísticos en toda a xeografía galega que actúen, ademais, como dinamizadores económicos das comarcas nas que se desenvolven. Para iso, reforza a súa aposta por axudar aos concellos a poñer en valor os seus recursos a través de convenios de colaboración, como é o caso, ou mediante as liñas




anuais de subvencións tanto para concellos e entidades locais como para o sector e que globalmente teñen un investimento de máis de cinco millóns de euros neste 2018.

O Concello de Crecente sitúase ao inicio da Ruta da Lamprea do Baixo Miño, un itinerario que se espalla ao longo de 25 quilómetros pola ribeira deste río ata Salvaterra de Miño e a través do que se poden ver as tradicionais pesqueiras, as estruturas ancestrais coas que se pesca artesanalmente este peixe e polas que Turismo de Galicia leva tempo facendo unha férrea

aposta nos últimos anos. As melloras nas pesqueiras e nas beiras do Miño ao seu paso por Crecente supoñen particularmente un impulso para o desenvolvemento do turismo cultural, de natureza e enogastrotómico tomando como fío condutor a cultura que rodea á lamprea e a súas artes de pesca. A Ruta da Lamprea brinda a oportunidade de coñecer esta especie tan singular, ademais de nesta parte do Baixo Miño, tamén no río Tambre e no río Ulla, atravesando no seu conxunto un total de 18 concellos da Comunidade.

Represent'art - II Mostra de Teatro Escolar

O projeto "Represent'art", II Mostra de Teatro Escolar, com promoção do serviço educativo da autarquia monçanense, conceção artística de Patrícia Oliveira e Paulo Lobato e participação de alunos do 3º ano do 1º CEB, é apresentado nos dias 24 e 25 deste mês, no Cine Teatro João Verde.



Os espetáculos, com início às 15h30, tem entrada livre, devendo, contudo, o bilhete ser levantado na Loja Interativa de Turismo. Neste momento, decorrem os ensaios nas escolas. Na semana anterior aos espetáculos, realiza-se o ensaio geral no Cine Teatro João Verde.

O projeto "Represent'art" procura incentivar a criação de um conjunto de estratégias e atividades, onde os participantes desenvol-

vem rituais, exercícios, tarefas, técnicas e ferramentas que se revelem eficazes para adaptar o corpo e voz a diferentes espaços.

Pretende também fomentar a relação entre todos os intervenientes, despertar a motivação pelo mundo do espetáculo, o interesse pela representação e a curiosidade pelas artes performativas. Em síntese, criar o bichinho do teatro nos jovens monçanenses.

Tomiño nomea marzo como Mes da Muller

O Concello de Tomiño dedicará o mes de marzo ás mulleres e o fará a través dunha programación transversal na que as actividades culturais, deportivas ou artísticas terán unha clara clave feminina e a visibilización do labor diario das mulleres e da loita pola igualdade como fío condutor.

A programación arrancou traballando cos nenos e a mocidade. Así, o IES Antón Alonso Ríos encheuse ata o 13 de marzo de 'Cartas de Amor' para fomentar a reflexión entre os mozos e mozas sobre o mito do amor romántico e os estereotipos de xénero, a desigualdade nas relacións de pa-

rella e a crueldade que moitas veces vai asociada a ela, ao tempo que se promove o respecto e a educación en igualdade e se traballa na prevención da violencia de xénero.

Trátase dunha exposición de pinturas realizadas por coñecidos artistas do cómic galegos, como Miguel Calatayud, Patricia Castela, Fausto Isorna, Pirusca, José Luís Méndez, Jack Mircale ou Javier Olivares coa se buscar fomentar entre a poboación máis nova modelos de convivencia igualitarios. A exposición complétase cunha unidade didáctica para que o alumnado do instituto tomiñés traballe sobre estes aspectos e cun obradoiro participativo. Pola súa

banda o alumnado de infantil e 1º, 2º e 3º de primaria participaron no contacontos 'Contos vellos, novos finais'.

Xunto con todas estas actividades para traballar a igualdade coa infancia e a mocidade, poranse en marcha exposicións, cursos, actividades deportivas e de lecer cunha clara clave feminina. Ademais do curso de pilates para avoas, nais e fillas posto xa en marcha, tamén está aberta a inscrición para participar no obradoiro 'Mulleres artistas por descubrir', que dará a coñecer a grandes mulleres artistas que permanecen no anonimato. Ademais, a artista Gemma Marqués está a cear no campo de fútbol de Goián o



mural feminista 'Anónimas', que pretende poñer en valor o labor e esforzo diario familiar, laboral... das mulleres.

Nome de muller tamén para encher de arte o Mercado de Tomiño. O venres 9, Liliya Pobornikova trasladou ata alí a súa exposición 'Lugares inesperados', unha mostra de cerámica que explora as formas que xorden da imprevisibilidade orgánica.

Tamén ao abeiro da Mes da Muller, marzo acollerá catro obras de teatro cun claro tinte feminino e nas que as mulleres son as claras protagonistas. Para público infantil 'Rosa Caramelo e outras historias' (18 marzo), de Talía Teatro, e 'A maleta da avoa', de Raquel Queizás (25 marzo), mentres que para adultos chegará 'Té con Kant' (10 marzo), de Teatro Inversa, e 'Matrioskas' (24 marzo), de Charlatana.

TOMIÑO / A GUARDA

O que se enchufa Tomiño recíclao

O Concello participa na campaña da Consellería de Medio Ambiente para a correcta xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos

O Concello de Tomiño súmase á campaña 'O que se enchufa recíclase', unha campaña de información e sensibilización posta en marcha pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia en colaboración con Ofiraee para a correcta xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) a través dos puntos de venda destes aparatos. Para a concelleira de Medio Ambiente, María Xosé Vázquez, a participación de Tomiño en iniciativas como estas "é fundamental para fomentar entre a poboación a xestión de residuos de xeito responsable".

Ata o venres 9 de marzo, dous asesores tiveron un punto informativo situado nos sopor-



tais ou dentro do Mercado de Tomiño no que as e os interesados recibiron unha explicación sobre o que son e onde se poden depositar os RAEE e poderon participar nun sinxelo xogo de ruleta co que marcharse cun agasallo para a casa.

Os RAEE son televisores, frigoríficos, tablets, planchas... que cando xa non serven e calquera persoa quere desfacerse deles deben ser levados aos establecementos adheridos ou aos puntos limpos dos con-

cellos para reciclalos do xeito correcto. Os aparellos eléctricos ou electrónicos son produtos moi complexos, con moitos materiais (metal, madeira, plástico, cartón, cristal líquido...) e distintos tipos de pezas. Por exemplo, nun móbil hai ata 40 tipos de materiais e terras raras que teñen un alto valor, polo que recuperalos é unha forma de minería urbana, respectuosa coa contorna e que favorece o aforro dos recursos naturais.

A OMIX de Tomiño trae o curso máis doce

A Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) de Tomiño abre o prazo de inscrición para participar no curso máis doce de toda a programación anual: un obradoiro de 'Chupipostres: cupcakes e galletas de mantequilla'. O curso, dirixido a mozos e mozas maiores de 12 anos, celebrarase do 9 ao 30 de abril nas instalacións do Mercado Municipal e as clases se impartirán todos os luns de 20.00 a 22.00 horas.

A través deste curso, todas e todos os participantes aprenderán todo o relacionado co mundo dos cupcakes e da repostería creativa con decoracións inspiradas na época do ano e partindo desde cero, o que abre as portas a todas aquelas persoas que se achen por primeira vez a este tipo de postres.

Dun xeito divertido, o alumnado aprenderá que é un cupcake e como se elabora, ademais de recibir consellos e trucos para cociñalos. Tamén descubrirán como elaborar frosting e achegaranse á decoración con pasta de azucre ou fondant e á elaboración de figuras en formatos 2D e 3D. Outro apartado do obradoiro será a creación de galletas de manteiga, coa correspondente decoración; o uso da manga pasteleira e a conservación de produtos.

O curso custará 18 euros e se necesitará un mínimo de 15 persoas para impartilo. Pode facerse a inscrición en <http://tomino.gal/curso-chupipostres-2018/>.

Éxito do curso de pilates

Pola súa banda, aínda está aberto o prazo de inscrición para participar no Curso de Francés Básico, que arrancou

este mércores 7 de marzo e para o que aínda queda algunha praza dispoñible. O curso celebrarase ata ao 23 de maio na Escola Obradoiro de Goián. Neste caso, unha profesora nativa encargárase de impartir o curso, de 24 horas de duración e que se desenvolverá todos os mércores de 20.00 a 22.00 horas.

A inscrición pode facerse en: <http://tomino.gal/cursos-de-radio-y-frances-omix-2018/>

E éxito rotundo do curso de pilates para avoas, nais e fillas, que comezou este mércores as clases no auditorio de Goián e que arrancará o venres 9 de marzo as da Casa da Cultura de Tomiño. Máis de 80 mulleres inscribíronse para participar neste curso no que ademais dos beneficios desta disciplina tamén traballará o fortalecemento entre o grupo.

«Ataraxia»: Unha mostra sobre as mulleres e a beleza paisaxística

O Centro Cultural de A Guarda acollerá exposición fotográfica «Ataraxia», da deseñadora gráfica Marina Alonso San Miguel, do 5 ao 28 de marzo. A mostra componse de 16 fotografías nas que se superpoñen elementos naturais e paisaxísticos con siluetas femininas en tons brancos e negros.

Segundo explica a autora, este traballo nace da súa afección polos viaxes e a fotografía, e componse de imaxes tomadas durante os

seus percorridos por distintos lugares do mundo. O seu título, «Ataraxia», fai referencia ao estado anímico carente de temores ou inquedanzas que se pretende transmitir coas obras.

A exposición enmárcase dentro das actividades programadas pola Concellería de Cultura con motivo do Día Internacional das Mulleres. A mostra poderá visitarse en horario de mañá (de 10 a 13 h) e de tarde (15 a 20 h) de luns a venres, e os sábados de mañá.



«Elisa e Marcela» de A Panadería en A Guarda

A obra de teatro «Elisa e Marcela», programada para o xoves 8 de marzo, representarase o xoves 22 de marzo ás 20:30 no Centro Cultural.

As actrices e fundadoras da compañía teatral A Panadería, produtora da peza, informaron da súa intención de secundar a folga feminista, coincidindo coa conmemoración do Día Internacional das Mulleres.

Así as cousas, as persoas que teñan no seu poder as entradas para o espectáculo, poderán asistir na nova data presentando eses mesmos tickets. Por outra banda, a aquelas persoas que non podan asistir prégase, na me-

dida das súas posibilidades, que fagan entrega das entradas no Centro Cultural ou no CIM (xunto al Xulgado de Paz), para que estas podan ser desfrutadas.

«Elisa e Marcela» ofrecerá ao público a oportunidade de coñecer as vivencias de dúas mulleres que, en 1901, conseguiron enganar ao cura dunha parroquia da Coruña para que as casara, converténdose no primeiro matrimonio lesbio do que se ten constancia en España.



MISCELANEA

Redacción

200 persoas na andaina polo Paseo do Louro con motivo do Día Internacional da Muller

A choiva non amedrentou á veciñanza mosense na segunda edición da andaina polo Paseo do Louro con motivo do Día Internacional da Muller que logrou congrega, ao igual que o ano pasado, a 200 participantes.

O día 8 de marzo pola tarde celebrouse un acto conmemorativo do Día Internacional da Muller do Concello de Mos consistente nunha andaina polo Sendeiro Ecolóxico do Río Louro partindo do Parque da Pesqueira, na parroquia de Mos. Estiveron presentes Susana López Abella, Secretaria Xeral de Igualdade, Ignacio López Chaves, delegado Territorial da Xunta de Galicia en Vigo, Nidia Arévalo, alcaldesa de Mos, Sara Cebreiro, concelleira de Política Social e Igualdade de Mos, os tamén edís mosenses Julia Loureiro e Óscar Soto e outros membros da Corporación Municipal de Mos.

Tras a andaina polo Sendeiro Ecolóxico do Río Louro, os participantes na actividade dirixíronse ao Pazo de Mos,

onde se produciron as intervencións da alcaldesa, Nidia Arévalo, da Secretaria Xeral de Igualdade, Susana López Abella, e a conferencia a cargo de Rocío Rial, especialista en Igualdade.

Partido de Fútbol Xogamos Tod@s

Os representantes municipais aproveitaron para lembrar que, vistas as previsións meteorolóxicas moi adversas por intensa choiva, o partido que estaba previsto para o domingo 11 de marzo, queda aprazado para o domingo 8 de abril ás 11.30 horas no Campo de Fútbol das Baloutas.

No devandito partido participarán mulleres do Equipo de Fútbol Feminino Unión Deportiva Mos e de diversas asociacións mosenses entre as que se atopan, A Cividade, C.C. Abrente, C. Guizán, A.V. Dornelas, R.C. Torroso, Pali-leiras de Mos, San Martín de Tameiga, A.E.C.C, MosAxuda, C.C.D. Santa Eulalia, As Pedriñas, A.V. Nosa Terra, C.C.S. Herville, Mulleres Rurais, Es-

clavas Virxen Dolorosa, A.V. Chan do Bosque, A.V. Leticia, A.V. Santa Ana, A.V. Petelos, San Rafael de Pereiras, Mulleres de Teatro en Igualdade, Celado de Cela, ASODIFISI, ASOMAMOS.

Os representantes municipais e as xogadoras do Mos animan á veciñanza mosense a asistir como público a este partido no que haberá animación musical con DJ e que será unha auténtica festa en defensa da igualdade. Así espérase que o máximo número de veciños acudan a animar ás xogadoras e a pasar un rato divertido en familia.

Neste encontro xogarán tamén integrantes da Corporación Municipal entre as que se atoparán a alcaldesa e as concelleiras Cebreiro e Loureiro. Outras personalidades femininas de relevancia aportarán tamén o seu graño de area a favor da igualdade participando neste partido, tales como a bailarina mosense Patricia Martínez, a atleta mosense Soledad Castro, etc.

Foro de Mulleres Empresarias de Redondela



O primeiro Foro de Mulleres Empresarias de Redondela que tivo lugar no seo da Asociación de Empresarios e Empresarias de Redondela abordou o análise da pasada folga feminista celebrada na xornada do 8 de marzo. Por primeira vez en España foi convocada unha folga feminista 24 horas con diversos compoñentes: laboral, estudiantil, de consumo, de coidados.

A entidade que aglutina actualmente a máis de 300 empresas, as mulleres representan o 43%. O 50% da estrutura asociativa estando concentrada no sector comercio que é o que ten unha maior presenza da muller. O número de comercios xestionados por mulleres representa o 55%; porcentaxe que cae ata un paupérrimo 1% no sector industrial. As mulleres ao fronte de empresas do sector hostaleiro representan un 41%, e no sector de servizos profesionais independentes, que está a aumentar significativamente na asociación e en Redondela en xeral, quédanse so nun 30%. A sub-representación no sector industrial pon de manifesto a importante brecha que ten a muller tamén no sector empresarial.

A folga de consumo foi vista como un concepto distante polo que o comercio dificilmente podía estar de acordo aínda que se valorase o perfil de consumo que se pretendeu marxinar na proposta de folga, penalizando o uso sexista da imaxe da muller re-

alizada por algunhas marcas ou a tan comentada taxa rosa, pola que os mesmos ou similares produtos por ter un packaging identificado como de estética feminina é mais caro.

A dicotomía entre conciliación e horarios comerciais foi outra das temáticas que se tratou, apostando por unha coordinación entre os establecementos do Centro Comercial Aberto e distintas zonas de concentración comercial de Redondela como mellor solución para acadar resultados efectivos que axuden a conciliar e a adaptarse as demandas horarias da clientela.

O respaldo as reivindicacións e motivacións da convocatoria de folga é unánime pero a forma de secundar esta xornada de folga tivo que ser distinta. A maioría das empresarias ven condicionada a súa decisión a unha cuestión económica poñendo de manifesto os maiores problemas cando conflúen os termos: muller, empresaria e autónoma. Como autónomas se valorou a escasa adaptación dos incentivos previstos polas administracións en canto subvencións e bonificación ás contratacións de traballadores e traballadoras polas mulleres autónomas.

Nestes e noutros temas sentáronse as bases para realizar novos encontros nos que abordar e planificar accións concretas que contribúan á igualdade efectiva entre mulleres e homes, tamén no campo da empresa, do emprendemento e da muller autónoma.

AFECIMO abre a inscrición para Amodiña

Tras seis anos de éxito, chega a 7ª edición do evento de referencia para o mundo da moda no Morrazo: Amodiña, que revaloriza o sector e anuncia a nova colección á venda nas tendas de Bueu, Cangas e Moaña.

Amodiña terá lugar o sábado 21 de abril en Moaña, con saída do Palco da Música, nun espazo á beira do mar.

Cada ano son milleiros de persoas as que asisten a ver en directo os estilismos presentados polas tendas participantes e tamén as actuacións que se intercalan cos pases, porque AMODIÑA non é tan so moda, senón que se



presenta como un espectáculo visual que mestura as tendencias coa música, o baile, presentado por profesionais de renome no panorama artístico e televisivo.

As empresas asociadas a

FECIMO teñen ata o 19 de marzo para inscribirse a esta iniciativa, para ensinar as súas propostas que nesta edición e por vez primeira acollera as tempadas de Primavera/Verán ao público.

IV Andaina de Guláns o domingo 18

A Asociación Artístico Cultural de Guláns en colaboración co Concello de Ponteareas, coa C.M. Xistra e coa Federación Galega de Montañismo organiza a IV Andaina de Guláns o vindeiro domingo día 18.

A organización dispón dous percorridos, un de vinte e cinco quilómetros de distancia e o outro de doce quilómetros, ámbolos dous por sendeiros, pistas forestais, cortalumes e sendeiros de cultivo.

O punto de encontro é o centro socio cultural de Guláns ás 09:00 horas para os que fagan o percorrido longo e ás dez horas para os que opten polo curto de

doce quilómetros.

Ao remate da andaina haberá un xanta popular a base de callos e delicatessens propias da comarca.

O percorrido longo de vinte e cinco quilómetros é unha proba de regularidade que puntuará no Open 25km cun percorrido circular con inicio e fin no centro cultural.

O percorrido curto é asequible para tódolos públicos.

A IV Andaina de Guláns é unha actividade apta para que toda a familia desfrute dun día en contacto coa natureza e a historia da parroquia na compañía das xentes do lugar.



IV ANDAINA DE GULÁNS 2018

ANDAGULÁNS

Domingo 18 de marzo de 2018 ás 9 da mañá.

Distancia 25km e 12km.

DOMINGO 18/03/2018 – IV ANDAINA DE GULÁNS
GULÁNS – PONTEAREAS – PONTEVEDRA

DISTANCIA 25KM E 12KM.

PROBA DE REGULARIDADE (SISTEMA INDIVIDUAL) (PUNTUARA NO OPEN 25KM) PERCORRIDO CIRCULAR CON INICIO E FIN NO CENTRO CULTURAL DE GULÁNS.

Máis información: www.gulans.com/andaina18 - Mail: andagulans@gmail.com

Inscripcións: www.championchipnorte.com

Apto para tódolos públicos, Mulleres, Homes, Nenas e Nenos.

Unha marabillosa ocasión para camiñar en familia.

Colaboradores e patrocinadores:
 Asociación Artístico Cultural de Guláns – C.M.Xistra - Fed. Galega de Montañismo -
 Andainas 25KM
 Concello de Ponteareas
 Protección civil de Ponteareas.



ENTREVISTA

Por Guillermo Rodríguez

Belén Villar, candidata a presidir o Partido Popular en Ponteareas

“A nosa folla de ruta é recuperar a Alcaldía de Ponteareas”

Logo de ter “lidiado” durante os últimos anos do PP. en Ponteareas coas contas do Concello, Belén Villar, preséntase para presidir o seu Partido a nivel local e disputar, nas vindeiras eleccións municipais, o bastón de mando hoxe sostido por un goberno tripartito (BNG-PSOE-RT).

Como non tivo contrincante do seu partido que lle disputara o cargo, obviamente Belén Villar será en breve investida como Presidenta Local do Partido Popular. Por esta razón quixemos coñecer por que se presentou e cales son as novidades que pretende introducir no labor político a nivel local.

Vde. non é unha novata na política local. Perderon as últimas eleccións municipais e agora presentase, é de supoñer, para recuperar o Poder. Considera que é posible?

O PP non perdeu as eleccións en Ponteareas, somos a forza máis votada con 7 concelleiros. Pero a lei electoral permite que forzas que non acadan a maioría unánsen para gobernar. No caso de Ponteareas tres forzas en minoría forman o Goberno.

Primeiramente vamos a traballar para reforzar o partido e recuperar a confianza das persoas, e é neste eido no que estamos neste momento. Primeiro celebrando un Congreso que vai mudar a Presidencia en Ponteareas e o Comité executivo.

A nós non nos serve con gañar eleccións, temos que ter un respaldo maioritario, e sen dúbida ese será o noso primeiro reto dentro desta nova etapa. **Que políticas pretende introducir dende o Concello que non fixera cando esta no Poder o seu partido?**

Eu preséntome a Presidencia do partido, a miña tarefa será organizalo de forma que cando chegue o momento

de presentar o noso proxecto local para Ponteareas acade o maior respaldo por parte da veciñanza. Non está decidido nin o candidato nin quen vai formar parte dese equipo de Goberno futuro. O que si lle podo responder e que as nosas políticas seguirán sendo as orientadas a mellorar a calidade de vida dos nosos veciños como xa fixemos durante os anos que gobernamos, por iso seguimos sendo a forza máis votada neste municipio.

Cales son as rendixas que vde. aprecia no actual goberno local polo que puidera ser derrotado nas vindeiras eleccións?

Bueno poderíamos entrar en moitas cuestións, pero considero que a principal é que non están a cumprir para nada con todo o que durante anos defendían na oposición. Ademais nos últimos anos estamos sendo noticia, incluso a nivel nacional, pola mala xestión e a improvisación deste Goberno.

Declarou que pretende renovar o Partido. Refírese as bases de afiliados ou tamén aos candidatos de listas anteriores.

A renovación no Partido pasa por



incorporar xente nova que está disposta a traballar polo noso pobo, en colaboración con todos aqueles que sempre estiveron. Ademais tamén facemos referencia a una renovación nos métodos de traballo, de facer máis próximo e cercano o partido, de falar menos e escoitar máis, de darlle un papel importante as novas xeracións e sobre todo de formentar o traballo en equipo, para ser un partido unido e máis forte. **Como ve o panorama político local respecto ao seu partido? Cre poder recuperar aos votantes que se foron a outros partidos? Como pensa facelo?**

Creo que os veciños nas municipais do 2015 respaldaron o noso traballo, ben e certo que tivemos unha perda de votos que coincide cun descenso xeral dos resultados do Partido Popular na provincia. De cara as próximas elec-

cións estou segura que imos recuperar a confianza destes votantes. Por elo estamos facendo este congreso, para darlle un novo impulso ao noso partido. Para xerar ilusión, para traballar nun proxecto para Ponteareas no que hai moita xente disposta a aportar ideas e o seu tempo para así entre todos confeccionar esta folla de ruta que ten como destino final recuperar a Alcaldía no 2019. Primeiro hai que recuperar a confianza dos nosos votantes, logo chegar co noso proxecto a cada rincón do municipio, porque a mellora da comunicación cos nosos veciños tamén é unha asignatura pendente. Non creo que os nosos votantes respaldasen a outros partidos, máis ben creo que o desencanto coa política nun momento puntual no que azotou a crise fixo que non foran votar.



XXXVIII Xuntanza da Ilma. Irmandade de Cabaleiros da Sta.Lamprea

Coa presenza do alcalde de Arbo, Horacio Gil, como convidado, a Ilma. Irmandade de Cabaleiros da Sta. Lamprea celebrou o pasado día 10 de marzo a súa trixésimo oitava xuntanza.

Esta celebración leva a esta xenuína irmandade a peregrinar a Arbo todos os anos para declarar a súa devoción á lamprea. Como ven sendo habitual, a xornada comezou coa xuntanza na parroquia de Cabeiras, seguida da xa tradicional baixada ao río, onde todos os anos depositan unha

mensaxe nunha botella no que se recollen os desexos para o vindeiro ano que arroxan ao curso do Miño. Despois celebrarían unha misa en memoria dos irmás xa finados.

Antes de comezar coa degustación da lamprea nas súas diversas preparacións (estilo Arbo, asada e rechea) os novos lampreiros, aqueles que desexan incorporarse á Irmandade, tiveron que demostrar a súa devoción á lamprea e a súa fidelidade aos principios da Irmandade.

SALCEDA DE CASELAS

Os espazos públicos de Salceda locen de novo a súa mellor cara

O Concello de Salceda está a acometer un Plan de Recuperación de Espazos Públicos naqueles puntos máis afectados polo vandalismo, que afecta sobre todo con pintadas e desperfectos nos murais con que o Concello ven decorando dife-

rentes espazos.

Dous dos puntos máis afectados eran o espazo da Fonte das Carballas e o espazo do antigo matadoiro, onde comeza a Senda Francisco Estévez, no Río Landres. A posta en valor de ámbolos dous espazos levada a cabo polo Con-



cello de Salceda nos últimos anos, destaca polos grandes murais que presiden as dúas áreas, e que chaman a atención de cantos ata alí se teñen achegado. Sen embargo, nos últimos meses os murais tiñan aparecido con diversos desperfectos que agora veñen de repararse, volvendo a lucir en todo o seu esplendor.

Dende o Concello de Salceda solicitan a colaboración da veciñanza na conservación

dos espazos públicos, así como na denuncia dos casos de vandalismo dos que poidan ser coñecedores/as.

Loli Castiñeira, Concelleira de Turismo: "Queremos que Salceda siga a lucir a súa mellor cara, e sigamos a ser referencia en toda a comarca como o estamos a ser ata o de agora. A colaboración cidadá resulta fundamental para seguir a ter a vila que soñamos e que entre todos e todas construímos".

Andaina Salceda Zona 0

A vindeira andaina que vai a realizar a Comisión de Festas Virxe da Concepción o 17 de maio a partir das 21:00 no torreiro de Festas Virxen da Concepción, vai a ter como temática a contaminación por restos radioactivos da súa poboación, un estado de alerta máxima, no que os participante deberán sobrevivir e buscar o antídoto, xa que todo o mundo está contaxiado.

Para poder sobrevivir as participantes van a ter que superar unha serie de probas, gañando o equipo que consiga unha maior puntuación nas probas (que estarán limitadas en tempo), e sobretudo descifrando o antídoto que lles permitirá sobrevivir.

A Xunta licita por preto de 550.000 euros a ampliación do CEP Altamira

O Diario Oficial de Galicia publicou onte a licitación das obras de ampliación do CEP Altamira en Salceda de Caselas, que levará a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Esta actuación suporá un investimento de 545.042 euros e ten un prazo de execución de 4 meses.

Con tal motivo, o delegado da Xunta en Vigo, Ignacio López-Chaves, acompañado polo xefe territorial da Consellería de Educación, César Pérez Ares, e o alcalde Marcos Besada achegáronse hoxe ata o centro escolar para informar dos pormenores da obra á dirección.

Segundo explicaron, a intervención consistirá na demolición da cuberta para



posibilitar a ampliación do edificio existente en 297,15 metros cadrados nos que se instalarán novos espazos destinados a aulas, cunha pasarela de comunicación co edificio principal do aulario. A ampliación suporá a creación de catro novas aulas, aseo adaptado, almacén de limpeza, escaleiras, distribuidor e pasarela.

Con 587 alumnos matriculados no presente curso escolar, a Unidade Técnica da Xefatura Territorial valorou prioritaria esta actuación, tal e como sinalaron López-Chaves e Pérez Ares durante a visita. O CEP Altamira consta na actualidade dun edificio principal destinado a uso educativo de primaria, edificio administrativo e ximnasio.



LOURIÑA

O PORRIÑO

Un ano máis o Festival de Cans bate o seu record de curtas inscritis

O Festival de Cans bate un ano máis o seu récord de curtas inscritis, pois recibiu na súa convocatoria para as seccións oficiais a concurso un total de 252 producións galegas, o que supón máis dun 7% de incremento con respecto á edición anterior, na que chegaran 235 traballos. Cabe destacar que esta é a cifra de pezas audiovisuais que cumpren os requisitos necesarios para poder ser valoradas á hora de formar parte das categorías a concurso, xa que de ter en conta todo o material recibido, a cifra sería superior ás 300 obras. Divididas por categorías recibíronse un total de 68 curtametraxes de ficción, 43 de non ficción, 15 de animación e 105 videoclips. Ademais, recibíronse tamén 21 obras de diferentes formatos, que nalgúns casos compoñen as diversas seccións paralelas do festival.

Estes datos constatan que estamos nun prolífico momento na creación audiovisual galega, e que edición tras edición, o festival pode acadar un paso adiante, tanto a nivel cuantitativo como cualitativo. A organización móstrase ta-



mén gratamente sorprendida da boa acollida da súa nova categoría competitiva, Furacáns, na que se recibiron, tal e como se citou anteriormente, 43 obras de non ficción.

Con respecto ao apartado de curtametraxes de ficción, segue rexistrándose -ao igual que nos pasados anos- un gran volume de traballos de creadores e creadoras galegos que viven e desenvolven a súa actividade profesional fóra de Galicia. Así o constatan as produción recibidas dende lugares como Madrid, Barcelona, Sevilla, Bilbao, Portugal, Inglaterra, Estados Unidos, Italia ou Hungría. Obsérvase tamén como dato moi positivo a recepción do mesmo número de curtametraxes de animación que na pasada edición pese a ser unha modalidade que

esixe un traballo moi complexo, o que garante a constitución desta categoría nesta edición do festival.

No tocante aos videoclips, esta foi a categoría que máis medrou con respecto ao 2017, ao recibirse 105 pezas fronte ás 73 da pasada edición. As pezas recibidas nesta categoría, que abranguen estilos tan distintos coma o folk, o rock, o hip-hop, o funk, o pop ou a música electrónica, competirán na Noite Gía dos videoclips, que se celebrará na noite do xoves 24 de maio.

Dá comezo agora para a organización un exhaustivo e laborioso proceso de visionado e selección, que se prolongará durante varias semanas e a través do cal se elixirán as obras finalistas en cada categoría.

Interrunning no Porriño

A 12ª edición da Interrunning, que xuntará a 3.000 participantes, disputarase o vindeiro domingo, día 18, pola mañá, no casco urbano do Porriño que fará de circuito para os cativos e adultos e, por segundo ano, adáptase o escenario para menores e atletas populares que queiran empezar o seu camiño no atletismo co-

rendo unha distancia de 5 quilómetros.

A proba absoluta, sobre un circuito de 10 quilómetros, homologado pola Real Federación Española de Atletismo, contará coa asistencia de atletas de elite que achegaranse ao Porriño para bater a marca da mesma e confirmar que este é o percorrido máis rápido de Galicia.

Aprobadas as bases da "Depo Aventura A Lanzada"

A Deputación de Pontevedra aprobou as bases reguladoras de "Depo Aventura A Lanzada" 2018, o programa de campamentos de verán no Centro de Vacacións da Lanzada.

Este campamento está destinado a nenos e nenos nados entre os anos

2005 y 2010 -os dous inclusive-, que teñan o seu domicilio habitual en calquera dos concellos da provincia de Pontevedra (feito que se acreditará mediante volante de empadramento).

Dacordo coas devanditas bases, establécense as seguintes 11 quendas: A primeira quenda terá lugar do 24

ao 30 de xuño e as seguintes do 1 ao 7 de xullo, do 8 ao 14 de xullo, do 15 ao 21 de xullo, do 22 ao 28 de xullo, do 29 de xullo ao 4 de agosto, do 5 ao 11 de agosto, do 12 ao 18 de agosto, do 19 ao 25 de agosto, do 26 de agosto ao 1 de setembro e do 2 ao 8 de setembro.

As familias interesadas en que as súas rapazas e rapaces participen en "Depo Aventura A Lanzada" 2018 terán 20 días naturais de prazo contados a partir do día seguinte ao da publicación

do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

O prezo por praza na actividade terá un custo de 100 € e abrangue a estadia e manutención, as actividades do campamento, o seguro e a excursión.

Toda a información está a disposición dos interesados na OMIX- no Centro Cultural Municipal do Porriño- en horario de 3 a 7 da tarde, de luns a venres, ou na páxina web da Deputación: www.depo.es.

O PORRIÑO

ABANCA únese aos empresarios de Acipor "para facilitar o acceso ao crédito" no Porriño

ABANCA e a Asociación de Comerciantes e Industriais de Porriño (ACIPOR) veñen de asinar un convenio financeiro co obxectivo de impulsar, fundamentalmente a través do crédito, o investimento e a mellora competitiva das empresas adheridas a esta organización.

A presidenta de ACIPOR, Juana Pérez, e o director de zona de ABANCA en Vigo Metropolitana, Héctor Martínez, rubricaron hoxe na sede da asociación en Porriño un acordo que renova a aposta que mantén a entidade financeira co tecido empresarial do sur de Galicia.

O convenio facilita que os empresarios e emprendedores da localidade asociados accedan a unha ampla oferta financeira con condicións melloradas respecto ao mercado. Este colectivo contará con produtos especificamente deseñados para facilitar a posta en marcha de proxectos empresariais na zona ou a mellora competitiva dos que xa están establecidos. Á súa disposición ABANCA pon tamén préstamos e hipotecas dirixidos ao investimento, con amplos prazos de amortización, posibilidade de carencias e con xuros moi competitivos.

De maneira adicional, os empresarios asociados contarán, en condicións es-



peciais, con outros produtos da entidade financeira galega específicos para atender as necesidades do día a día das empresas, como pólizas de crédito, anticipos, avais ou liñas de desconto comercial. O protocolo tamén inclúe unha oferta vantaxosa na contratación de liñas de comercio exterior e no anticipo de subvencións, así como a posta a disposición do colectivo das liñas de financiamento especial do Plan Activamos, asinado entre ABANCA e a Deputación de Pontevedra.

Do mesmo xeito, o acordo asinado inclúe condicións melloradas na contratación de TPV (Terminais Punto de Venda) da entidade, así como o acceso a APLAZOS, o servizo de compras de ABANCA.

Os empresarios adheridos a ACIPOR poderán acceder tamén ás vantaxes que ofrece o novo Programa Cero Comisións de ABANCA, que permite deixar de pagar polo mantemento das contas e tarxetas, pero tamén polas transferencias, ingresos de cheques ou outros servizos habituais.

A XVIII Merca na Rúa será o día 17 de marzo

A Concellería de Comercio, dirixida por Marcelino Coto, e a dirección da Asociación de Comerciantes e Industriais do Porriño (ACIPOR), presidida por Juana Pérez, adiaron a XVIII edición de 'Merca na rúa', que tiña prevista a súa celebración os días 10 e 11 de marzo, e finalmente se celebrará o sábado 17 de marzo.

A decisión estivo motivada polas previsións meteorolóxicas dun temporal de choiva e vento para o fin de semana e que impedirían que 'Merca na rúa' puidese desenrolarse.



UCGAL considera que o dispositivo WebTV incumpre a normativa no que respecta á garantía

Recentemente, o Xulgado número 3 de Santiago de Compostela ordenou retirar e deter a comercialización do dispositivo WebTV de Blusens. O receptor comercializábase afirmando que con el o usuario tiña acceso "a calquera contido audiovisual grazas ás apps de creación libre de Web TV: cine, series, canles, eventos, etc. Sen límites. Sen cuotas".

As persoas consumidoras que compraron este dispositivo viron como quedaba inservible dun día para outro pois os servidores de WebTV quedaron inactivos impedindo a visualización dos contidos "ata que se esclareza a situación por posible relación con algunha

vulneración de dereitos de propiedade intelectual" como explicou a empresa a través dun comunicado no seu muro de Facebook.

Nestes momentos a situación está aínda por aclarar pero o certo é que moitos consumidores estarán a preguntarse que facer co dispositivo. UCGAL considera que en vista do sucedido existe unha falta de conformidade do produto de acordo ó establecido na normativa que regula as garantías de bens de consumo.

Lembremos que o dispositivo foi retirado do mercado por infrinxir a lei de propiedade intelectual, o consumidor que compraba o WebTV non podía saber que estaba a com-

prar un aparato que incumpria a normativa vixente e que era susceptible perder o servizo que dito dispositivo ofrecía.

Non cabendo a reparación ou substitución do produto, esta asociación considera que as persoas afectadas poden reclamar a devolución do diñeiro pagado polo dispositivo no seu momento.

Aquelas persoas que comprasen o WebTV poden acudir as autoridades de consumo para resolver as súas dúbidas sobre este tema e presentar a correspondente reclamación.

UCGAL solicitará a intervención da fiscalía considerando que o caso afecta ós intereses económicos dunha pluralidade indeterminada de persoas consumidoras.

O pintor Pitelos exhibe en Madrid "Míticos no leito"



O pintor santiagués José Manuel Méndez Rodríguez, Pitelos, inaugurou o día 5 na Delegación da Xunta en Madrid/ Casa de Galicia a mostra "Míticos non leito", unha colección de pinturas nas que coñecidos actores do teatro, a televisión e o cinema galegos pousan recreando un personaxe da mitoloxía grega (Antígona, Asclepios, Circe, Dánae, Dé-

dalo, Gerión, as Moiras, Pandora, Ulises, etc.) que están acompañadas por bosquejos ao grafito e cartela explicativa do momento en que se desenvolve a acción mitolóxica. A exposición, que constitúe unha selección de obras da que xa tivo lugar co mesmo título no Museo do Pobo Galego, pode verse na Casa de Galicia, nas que ocupa dúas salas, ata o próximo 30 de marzo.

M

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

BARXA
advogados S.L.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña